

DigiTalent

Plan de Promoción de Talento Dixital de Galicia

JUNIOR
12-14 anos

Programa “Tecnólog@ por un día” ONLINE

Manual do docente





Benvido ao Programa Tecnólog@ por un día JUNIOR (online)

O teu rol como docente


A contorna educativa é un dos factores influíntes na elección vocacional dos máis novos/as. Este programa ofrece unha oportunidade única para que, como docente, poidas contribuir a que o alumnado se expoña ás oportunidades das tecnoloxías dixitais e alentalo a seguir carreiras profesionais en torno ás TIC.



Por este motivo, a túa actuación é clave para difundir e promover a participación no programa:

- Contribuíndo a divulgar da iniciativa, tanto ao alumnado como aos pais/nais/titores legais.
- Comunicando a importancia e repercusión que terá nos máis novos/as a súa participación no programa, animando á súa contorna familiar que participen.
- Garantindo que os alumnos/as conten coa autorización asinada polos pais/nais/titores legais.
- Enviando a solicitude de inscrición dos/as alumnos/as no Programa a través do formulario web.
- Realizar as xestións necesarias para asegurar o acceso dos/as alumnos/as ao equipamento necesario (reserva aulas, equipos, etc.)

Esquema de traballo do programa



***O alumnado interesado deberá contar coa autorización dos pais/nais/titores legais.**

Esta actividade pode resultar de especial interese para alumnos/as que teñen preferencia polas TIC por exemplo que estean cursando materias STEM (programación, investigación e tratamento da información, robótica, identidade dixital...) ou ten pensado cursar estudos STEM (materias de libre configuración, carreiras universitarias, FP,...).

Procedemento para a inscrición dos participantes na Web

Modelo de autorización

PLAN DE PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL DE GALICIA 2021
PROGRAMA "TECNOLÓX@ POR UN DÍA"
AUTORIZACIÓN DE PARTICIPACIÓN PARA MENORES DE EDADE

Información básica sobre protección de datos personales	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia, Xunta para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (XMTG)
Finalidade do tratamento	Realizar o Programa "Tecnolóx@ por un día" que ten como finalidade dar a coñecer aos menores o funcionamento dunha entidade TIC, fomentar a difusión de áreas de actividade online.
Legitimación para o tratamento	Compromiso dunha acción realizada en interese público (Lei 10/2015, do 17 de agosto, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, creada o 20/2011, do 18 de decembro, 2011) que se crea a través do programa de Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aplican os seus estatutos). Consentimento subscrito polo participante.
Destinatarios dos datos	Digazón de Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a fin de dar difusión ao diferencios iniciativas e programas de XMTG. Así mesmo poderá ser utilizado, con mesma finalidade, a través dos medios materiais, electrónicos, fotográficos, audiovisuais, colaboracións para a realización de actividades.
Exercicio dos dereitos	As persoas interesadas poden acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos no marco do seu dereito de información, protección, respecto, no respecto ao https://www.xunta.gal/estatutos-dos-dereitos . No caso de tratamento que inclúa categorías de datos así como os datos relativos á saúde, deberá usarse o seguinte:
Consentimento delegado de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/estatutos-dos-dereitos

MODELO DE AUTORIZACIÓN

O alumnado interesado en participar deberá contar coa autorización dos pais/nais/titores legais. Descarga o modelo de autorización dispoñible no espazo web <https://digitalent.xunta.gal/es/node/691> para que asinen os pais/nais/titores legais dos participantes.

É importante que o **TELÉFONO DE CONTACTO** e o **CORREO ELECTRÓNICO** estean debidamente cubertos na autorización xa que serán o medio de contacto que empregarán as **empresas para comunicarse cos/as participantes e concretar a data da sesión**. Lembra comprobar que se **adxuntan as dúas páxinas do documento**.

Solicitud de inscripción

Realizar unha solicitude de inscrición por cada alumno/a

DATOS DO CENTRO

Nome do centro
Enderezo do centro
Teléfono de contacto
Email de contacto
Nome docente responsable

AUTORIZACIÓN ASINADA. É obrigatorio contar coa autorización para poder participar na actividade

- O alumno/a entregou a autorización asinada polos seus nais/pais/titores legais para a realización da actividade.

Seleccionar arquivo

SUBIR

Ningún arquivo seleccionado

PRAZAS DISPOÑIBLES. Selecciona as prazas segundo as preferencias do/a alumno/a (ata un máximo de 3).

Primeira opción de praza

Seleccione

Segunda opción de praza

Seleccione

Terceira opción de praza

Seleccione

Enviar

Cando o/a alumno/a entregue a autorización cuberta e asinada, podes proceder a **cumprimentar a solicitude de inscrición dos/as candidatos/as** no formulario que encontrarás no espazo web.

Na seguinte páxina explícanse polo miúdo cada un dos campos.

AS INSCRICIÓN PASO A PASO

Podes inscribir tantos estudantes como consideres, sendo necesario cubrir unha solicitude de inscrición por cada un.

1. DATOS DO CENTRO

Cubre os datos correspondentes ao teu centro educativo. É importante indicar o **EMAIL** e **TELÉFONO** de contacto xa que se empregará para realizar as **comunicacións relativas á solicitude de inscrición dos/as alumnos/as** e posteriormente as **empresas enviarán os detalles** para o desenvolvemento **das sesións** (data e hora, instrucións para conexión, etc.)

2. AUTORIZACIÓN

Sempre e cando o alumnado entregue cuberta e asinada a autorización dos seus pais/nais/titores legais, marca o apartado relativo á entrega da mesma e adxunta o documento asinado.

É importante comprobar que na autorización se cubriu correctamente o teléfono e o email de contacto, xa que será o utilizado para as comunicacións relativas ao programa (as empresas utilizaranos para concretar a data da xornada).

3. PRAZAS DISPOÑIBLES

Nos despregables desta sección poderás ver a listaxe de prazas dispoñibles por cada unha das empresas colaboradoras do programa. Podes solicitar a inscrición en ata 3 prazas distintas polas que teñan preferencia cada un dos/as alumnos/as, seleccionándoas en cada un dos despregables habilitados.

4. ENVIAR A SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Despois de cubrir os datos e detallar as prazas de preferencia, preme en Enviar.

Solicitude de inscrición

Realizar unha solicitude de inscrición por cada alumno/a

DATOS DO CENTRO

Nome do centro
Enderezo do centro
Teléfono de contacto
Email de contacto
Nome docente responsable

2

AUTORIZACIÓN ASINADA. É obrigatorio contar coa autorización para poder participar na actividade

- O alumno/a entregou a autorización asinada polos seus nais/pais/titores legais para a realización da actividade.

Seleccionar arquivo

SUBIR

Ningún arquivo seleccionado

PRAZAS DISPOÑIBLES. Selecciona as prazas segundo as preferencias do/a alumno/a (ata un máximo de 3).

Primeira opción de praza

Selecciona

- Empresa x (nº de prazas ofertadas)
- Empresa y (nº de prazas ofertadas)
- Empresa z (nº de prazas ofertadas)

Segunda opción de praza

Selecciona

Terceira opción de praza

Selecciona

4

Enviar

As prazas dispoñibles asignaranse aplicando o resultado dun sorteo que se realizará unha vez rematado o prazo de inscrición tendo en conta as opcións sinaladas no formulario. Os resultados deste sorteo comunicaranse aos docentes, que recibirán unha notificación relativa ao estado das solicitudes realizadas (asignada ou en listaxe de espera).

A continuación, serán as empresas as que se poñan en contacto cos/as participantes para concretar a data e o horario da xornada a través do número de teléfono/email de contacto indicado no documento de autorización e enviarán por escrito a participantes e docentes as instrucións para conectarse á xornada.

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **Quen pode participar?**

Calquera estudante de **12 a 14 anos de idade** do curso escolar 2020/21.

- **En que datas e horarios se desenvolve a convocatoria JUNIOR?**

Desenvolverase **entre o 3 e o 28 de maio de 2021**. A data e o horario concretos da sesión serán establecidos entre o/a alumno/a participante e a empresa colaboradora (a empresa porase en contacto a través do número de teléfono e/ou email facilitado no documento de autorización). Para que os docentes estean informados e poidan realizar as xestións necesarias, as empresas tamén enviarán ao email indicado no formulario de inscrición as instrucións para o desenvolvemento da xornada.

- **Quen inscribe ao alumnado?**

A solicitude de inscrición lévase a cabo a través do persoal docente dos centros educativos, sempre que contén coa autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado.

- **Como se realiza a solicitude de inscrición?**

A través dun formulario que podes atopar no espazo web:

<https://digitalent.xunta.gal/es/node/691>

- **Cal é a data límite para realizar a solicitude de inscrición?**

O período de inscrición do alumnado estará aberto ata o vindeiro **28 de abril de 2021**.

- **Onde consigo o documento de autorización dos pais/nais/titores legais do alumnado?**

Podes descargalo no espazo web <https://digitalent.xunta.gal/es/node/691>. Unha vez asinada esta autorización, o/a alumno/a deberá entregala no centro educativo.

- **Xa envíei o formulario online, xa están os/as alumnos/as inscritos?**

Despois de cubrir e enviar a solicitude de inscrición, as prazas dispoñibles asignaranse aplicando o resultado dun sorteo unha vez rematado o prazo de inscrición e tendo en conta as preferencias sinaladas na solicitude de inscrición. Os resultados comunicaranse posteriormente aos docentes, que recibirán unha notificación relativa ao estado das solicitudes realizadas (asignada ou en reserva).

PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

- **A empresa xa contactou co/a alumno/a e axendaron a actividade, que facemos?**

A empresa enviará as instrucións para conectarse á sesión (data e hora, instrucións para conexión incluíndo enlaces ou calquera outro requisito necesario para o seu adecuado desenvolvemento, etc.) ao email do/a alumno/a así coma ao do docente (segundo o indicado no formulario de inscrición). Desta forma poderás realizar, se é necesario, as xestións necesarias para asegurar o acceso dos/as alumnos/as ao equipamento necesario (por exemplo: reserva aulas, equipos, etc.).

- **Canto duran as sesións?**

Establecese unha duración estimada de entre **40 minutos e 1 hora** para as sesións. O horario concreto acordaranse entre o alumno e a empresa e dependerá da dispoñibilidade dos profesionais voluntarios e será comunicado posteriormente por email a participantes e docentes.

- **Supón algún coste para o centro educativo? E para o/a alumno/a?**

Non, nin o centro educativo nin o/a alumno/a teñen que asumir ningún gasto.

Para calquera aclaración ou consulta adicional podes utilizar o formulario de contacto dispoñible no espazo web digitalent.xunta.gal/es/contact



GRACIAS POLA TÚA COLABORACIÓN

